

---

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 28 DE XANEIRO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Adaptación da estrada LU-934. Treito: Friol (LU-232) - límite da provincia ao plan de baixa IMD mellorada. Clave: LU/10/095.02

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhrer) Nickle et al., e se ordenan as medidas para evitar a súa propagación.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamento e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a contratación por parte de Xestur Pontevedra S.A. das obras de urbanización do parque empresarial de Tomiño, en Pontevedra por un importe total de trece millóns catrocentas cincuenta e oito mil sesenta e dous euros con oitenta e seis céntimos (13.458.062,86 €).

---

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de cinco (5) anos na concesión de catro avais por importe máximo conxunto dun Millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €) a Construcciones Mon, S.L. Expedientes números AV/0701, AV/0702, AV/0703 e AV/0704.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado da convocatoria para o exercicio 2011 das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) á internacionalización das empresas galegas e se exige de constitución de garantías nos pagamentos á conta, por importe máximo de doce millóns de euros (12.000.000,00 €).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o plan do Goberno en materia de solvencia do sistema financeiro.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o proxecto piloto de vacinación fronte ao pneumococo en nenos/as.
- Informe sobre o Programa especial de inspección para detección de terceiros obrigados ao pagamento en asistencia sanitaria.
- Informe sobre a execución dos proxectos de tecnoloxías da información da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde durante o ano 2010.
- Informe sobre o Plan de Formación 2011 do Servizo Galego de Saúde

### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do plan de actuación da Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (FUNGA). Ano 2011.

---

## AS OBRAS DE MELLORA DA ESTRADA LU-934, NO TREITO QUE UNE FRIOL CO LÍMITE DA PROVINCIA DA CORUÑA, COMEZARÁN ANTES DE QUE REMATE O ANO

- *As obras de construción licitaranse no mes de marzo*
- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se dá inicio ao proceso expropiatorio dos bens e dereitos afectados por estas obras de mellora*
- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas destina máis de 4 millóns de euros para esta actuación*
- *O proxecto de mellora abarcará unha lonxitude de 11,2 quilómetros, o que suporá un beneficio para máis de 105.000 habitantes de varias vilas, entre as que está a cidade de Lugo*
- *O proxecto recolle o arranxo do firme, o ensanchamento da estrada, a mellora da visibilidade nalgunhas interseccións e a colocación de cambios de sentido*
- *Ademais levarase a cabo a rectificación puntual dalgunha das curvas; ampliarase a Ponte das Varelas e, na zona da Silveira, corríxirase o trazado co fin de que se cumpran os parámetros normativos*

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de hoxe aprobou o proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de adaptación da estrada Friol-As Corredoiras (LU-934), concretamente no treito que une a localidade lucense de Friol co límite da provincia da Coruña, ao plan de baixa IMD.

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas iniciará, antes de que remate o ano, os traballos de mellora da seguridade e transitabilidade deste tramo, tendo en conta que as expropiacións comezarán nos vindeiros meses. As obras de construción licitaranse no mes de marzo.

Con este novo paso que deu hoxe o Goberno galego pódese iniciar o proceso expropiatorio que afectará a 311 predios no concello de Friol e terán un custo de algo máis de 785.000 euros, dos cales 176.475, 20 corresponden a bens e 568.333 euros a expropiacións de terreos.

Este proxecto de mellora abarcará unha lonxitude de 11,2 quilómetros, o que suporá un beneficio para máis de 105.000 habitantes da cidade Lugo e das localidades de Sobrado, Toques, Friol e a súa área de influencia. Co fin de levar a cabo esta actuación, o departamento que dirixe Agustín Hernández destinará un orzamento de máis de 4 millóns de euros.

### Obras que se realizarán


O obxecto das obras nesta vía, que pertence á Rede Primaria Complementaria da Xunta de Galicia, é o de arranxar o mal estado do firme; solucionar a escasa amplitude da sección da estrada que, en ocasións, dificulta o cruzamento de dous vehículos; e a deficiencia de visibilidade nalgunhas interseccións da vía LU-934 no mencionado treito; ademais, levarase a cabo a rectificación puntual dalgunha das curvas; ampliarase a Ponte das Varelas e, na zona da Silveira, corríxirase o trazado co fin de que se cumpran os parámetros normativos; tamén se construírán cambios de sentido e se colocará a sinalización adecuada.

Para isto, procederáse ao ensanchamento da plataforma; á creación de carrís centrais de espera, de aceleración e deceleración para a maioría das interseccións; e a corrección de treitos concretos con trazado perigoso para o que será necesario realizar expropiacións puntuais.

Así, nos 11,2 quilómetros do tramo que se vai mellorar, concretamente dende o punto quilométrico 1 + 500 ata o PQ 12 + 700, construíranse dous carrís de 3 metros cada un; dúas beiravías dun metro; dúas gabias e unha senda de 1,80 m. A vía, situado nun terreo ondulado, terá un raio mínimo de 105 metros e unha pendente máxima de 9,5%. Para isto, procederáse a rozar e limpar máis de 74.100 m<sup>2</sup> e unha escavación de case 69.400 m<sup>3</sup>. Empregaranse 30,6 toneladas de formigón bituminoso e máis de 39,8 m<sup>3</sup> de lastro.

Por último, colocaráse unha nova iluminación, xardinaría; a drenaxe lonxitudinal e transversal e a sinalización horizontal e vertical.

Con estas actuacións lograrase a mellora da estrada, de maneira que se adapte ás condicións do Plan de Baixa IMD.



---

## O CONSELLO DA XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA A ERRADICACIÓN DO NEMATODO DO PIÑEIRO

- *Con esta medida facúltase o Goberno galego para complementar os labores desenvolvidos polos propietarios forestais afectados e polas industrias da madeira, para controlar e eliminar esta doenza*
- *Como compensación, Medio Rural desenvolveu xa diversos traballos de limpa na zona afectada*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto da Consellería do Medio Rural polo que se declara de utilidade pública a erradicación do organismo de coretena do nematodo do piñeiro (*Bursaphelenchus xylophilus*). Con esta medida facúltase o Goberno galego para complementar os labores desenvolvidos xa polos propietarios dos terreos afectados e pola propia Administración, así como polas industrias da madeira, para controlar e eliminar esta doenza, localizada nun exemplar de piñeiro do concello pontevedrés das Neves.

A presenza deste axente no territorio galego foi oficialmente declarada o 26 de novembro pasado, sendo entón publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) a preceptiva resolución de Medio Rural. Este decreto, de acordo coa Lei de sanidade vexetal, describe o plan de acción que acomete a Administración para a erradicación do nematodo do piñeiro e establece un sistema compensatorio para os afectados (ben economicamente ou en especies), tanto se levan a cabo as medidas eles mesmos como se o fai a Administración na súa totalidade. Unha vez realizadas as cortas preventivas, habilitarase un plan de restauración de especies forestais na zona que, na medida do posible, se realizará con especies frondosas.

A zona de corta preventiva afecta unhas 300 hectáreas de plantas sensibles ao nematodo do piñeiro, repartidas nunhas 4.000 parcelas forestais. A dirección das tarefas de erradicación corre a cargo do xefe do Servizo de Producións Forestais, en canto á execución material das cortas realizadas polos particulares ou medios propios da Administración. Corresponde ao xefe do Servizo de Sanidade e Produción Vexetal a comprobación do respecto ás medidas sanitarias previstas na lexislación comunitaria e neste decreto.

No resto das zonas demarcadas pertencentes a *área tampón* realizaranse inspeccións visuais e un labor de mostraxe na copa e tronco das árbores sintomáticas. No tocante á eliminación da madeira da área demarcada, procederase á corta, extracción, estelado e incineración das árbores con posibles síntomas ou en decaemento de especies sensibles en lugares adecuados e sempre baixo control oficial.

### **Indemnizacións**

---

No caso de corta por parte dos propietarios, a Xunta ocuparase da limpeza dos restos da corta da zona e do tratamento dos *tocóns* (base do tronco da árbore). Por outra banda, no caso dos propietarios que non soliciten o permiso ou que non realicen a corta dentro do prazo establecido, a Administración procederá á súa erradicación, recibindo os titulares o valor da madeira logo de detraerlles o custo dos traballos da corta; tamén neste caso a Xunta asumirá a limpeza da parcela e o tratamento dos *tocóns* igualando así a indemnización ao caso anterior de erradicación por partes dos particulares. En ambos os casos, a Xunta ademais farase cargo da restauración da zona e do arranxo de pistas que se poidan ver afectadas polos labores de acceso ás parcelas, transporte, etc.

### **Puntos de información**

O propio conselleiro do Medio Rural, Samuel Juárez, realizou a principios de mes unha visita aos concellos pontevedreses das Neves e Salvaterra, á zona en que se detectou o foco, e incidiu na prioridade de executar as tarefas de erradicación de todas as especies susceptibles de seren afectadas antes da suba das temperaturas, momento en que o insecto vector (un tipo de escaravello que transporta o nematodo) se activa. A data do 28 de febreiro marca, pois, o inicio das accións que acometerá directamente a Administración para erradicar a doenza. Ademais, o departamento que dirixe Samuel Juárez creou dous puntos de información na contorna da área afectada para achegar aos interesados (propietarios forestais e industrias da madeira) toda clase de datos, facer seguimento dos labores de erradicación, xestión das autorizacións de corta, coordinación dos destinos da madeira e todas cantas funcións sexan precisas.

### **Coordinación**

Dende a confirmación do foco do nematodo, nunca antes detectado en Galicia, o departamento que dirixe Samuel Juárez puxo en marcha unha serie de medidas, en coordinación con todas as administracións implicadas e cos propios afectados.

Así, Medio Rural informou o *Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño* (MARM) e de inmediato puxéronse en marcha as actuacións precisas para a erradicación do foco, así como as prospeccións sistemáticas co fin de determinar o alcance da enfermidade e a adopción de todas as medidas fitosanitarias previstas na normativa comunitaria. Do mesmo xeito, convocouse de maneira urxente a Mesa da Madeira para expoñerlle a situación e darlles a coñecer o plan de acción que se vai desenvolver, unha vez publicada a resolución no DOG coa declaración da praga.



---

## A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO NOVO DECRETO DE ARTES E APARELLOS ADAPTADO ÁS NECESIDADES REAIS DO SECTOR PARA UNHA MELLOR EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS

- *Así, preténdese conseguir o máximo benestar social dos colectivos implicados ao abeiro da Lei 6/2009, do 11 de decembro*
- *O novo decreto recolle entre as súas novidades artes que ata o de agora non estaban reguladas, como a nasa para a centola, as “volantillas”, os “volantíns”, a raeira e a rañica*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a novo decreto de artes e aparellos. A aprobación desta nova normativa leva aparelhada unha serie de novidades que a adaptan á realidade dos cambios derivados da evolución do sector pesqueiro e marisqueiro. Con esta normativa preténdese conseguir a mellor preservación do recurso e o mesmo tempo obter o máximo benestar social dos colectivos implicados ao abeiro da Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia.

O novo decreto recolle como novidade artes que ata o de agora non estaban reguladas, como a nasa para a centola, artes de enmalle como as “volantillas”, os “volantíns”, a raeira, a rañica ou a gancha a pé como arte de marisqueo. Ademais, incorpórase de novo a forquilla, que estivo prohibida durante algún tempo. Estas novas incorporacións están avaladas pola execución de plans experimentais que demostraron o seu bo funcionamento e viabilidade.

Coa finalidade de uniformizar o número de artes por embarcación, o documento establece unha clasificación das embarcacións en sete grupos distintos segundo o arqueo. Ademais permite a posibilidade de faenar no período ordinario de descanso en acontecementos sinalados, compensándoo con xornadas de descanso en días laborables. Outra das posibilidades que ofrece, a diferenza do decreto vixente, é a de manter as artes caladas fóra dos períodos autorizados naqueles casos en que as condicións meteorolóxicas sexan adversas.

Por outra banda, inclúe a posibilidade de establecer cotas máximas de captura e a regulación de capturas incidentais, co obxecto de permitir unha mellor xestión cando o recurso o necesite. Esta medida é froito da experiencia de especies coma o polbo, que debido ao descenso de capturas dos últimos anos foi necesario levar a cabo un plan de recuperación. Ademais, o decreto unifica as nasas de nécora e camarón, debido a que teñen as mesmas características e a que se empregan indistintamente para a captura de ambas as especies.

---

A regulamentación axeitada das artes é necesaria como elemento indispensable na regulación das pesquerías pola súa influencia directa no esforzo pesqueiro exercido sobre os recursos da pesca e do marisqueo. As novas medidas contribuirán a mellorar a explotación racional e sustentable dos recursos mariños, o control da actividade profesional pesqueira e o benestar das comunidades pesqueiras, xa que a axeitada regulación da pesca e do marisqueo inflúe directamente no emprego.

O resultado do documento, que foi presentado ao Consello Galego da Pesca en xuño de 2010, é froito das múltiples reunións realizadas entre a Administración e representantes do sector pesqueiro e marisqueiro acompañados por profesionais coñecedores do funcionamento de todas as artes co fin de unificar criterios e mellorar o texto da normativa.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA XESTUR PONTEVEDRA A INVESTIR MÁIS DE 13,4 MILLÓNS DE EUROS NA URBANIZACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE TOMIÑO

- *O expediente de expropiación reiniciouse o pasado 16 de decembro*
- *A exposición pública do proxecto de expropiación rematou o 17 de xaneiro e actualmente estanse recopiando as alegacións presentadas*
- *Simultaneamente á tramitación do expediente expropiatorio realizaranse os trámites necesarios para a licitación das obras de urbanización do parque de conformidade co proxecto de obras xa aprobado*
- *O parque empresarial ocupará unha superficie total de 493.456,00 metros cadrados, dos que 244.372.30 metros cadrados serán de superficie industrial e 49.822.05 metros cadrados de superficie terciaria*
- *O futuro parque empresarial de Tomiño suporá un investimento total estimado de 23.795.450,65 euros, dos cales xa se executaron preto de dous millóns de euros en traballos técnicos e adquisición de solo por mutuo acordo*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o gasto de 13.458.062,86 euros por parte de Xestur Pontevedra para a urbanización do parque empresarial de Tomiño (Pontevedra), cuxo importe se distribuirá en dúas anualidades: serán 9 millóns de euros no 2011 e 4,45 millóns no 2012..

Con esta autorización cúmprese a compromiso de realizar os trámites necesarios para as obras ao tempo que se tramita o expediente de expropiación dos terreos necesarios para a actuación.

O 16 de decembro do pasado 2010, o Diario Oficial de Galicia (DOG) publicaba a resolución pola que se reiniciaba o expediente de expropiación dos bens e dereitos necesarios para o desenvolvemento do parque empresarial de Tomiño (Pontevedra). A exposición pública do dito expediente expropiatorio rematou o pasado 17 de xaneiro e actualmente estanse recopiando as alegacións presentadas a el para a elaboración do preceptivo informe.

### Datos técnicos

O expediente de expropiación afecta un total de 447 predios, que suman 398.566 metros cadrados. Na actualidade xa están adquiridas por mutuo acordo preto do 20 por cento dos predios necesarios para este parque empresarial.

O futuro parque empresarial de Tomiño suporá un investimento total estimado de 23.795.450,65 euros, dos cales xa se executaron preto de dous millóns de euros en traballos técnicos e adquisición de solo por mutuo acordo.

---

O parque empresarial ocupará unha superficie total de 493.456,00 metros cadrados, dos cales 244.372.30 metros cadrados serán de superficie industrial e 49.822.05 metros cadrados de superficie terciaria, correspondendo o resto a servizos e equipamentos, vías, aparcamentos e zonas verdes.

Simultaneamente á tramitación do expediente expropiatorio realizaranse os trámites necesarios para a licitación das obras de urbanización do parque de conformidade co proxecto de obras xa aprobado.

---

## ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA O PLAN DE NEGOCIO DE CONSTRUCCIONES MON FACILITANDO UNHA OPERACIÓN DE FINANCIAMENTO DE 3 MILLÓNS DE EUROS MEDIANTE AVAIS POR IMPORTE DE 1,5 MILLÓNS

- *A empresa emprega 91 traballadores en Galicia e xera un importante emprego indirecto na comarca de Burela*
- *O desenvolvemento do plan de negocio permitiralle proceder ao financiamento de circulante para a cobertura das necesidades operativas do grupo*
- *A sociedade, que posúe as principais certificacións de calidade, prevé ampliar a súa presenza no mercado nacional e internacional*

A Consellería de Economía e Industria apoiará o desenvolvemento do plan de negocio impulsado por Construcciones Mon facilitando unha operación de financiamento bancario cifrada en 3 millóns de euros que contará con avais achegados polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) por importe máximo de 1,5 millóns, segundo a autorización que aprobou o Consello da Xunta.

O plan de negocio presentado pola empresa, que posúe as principais certificacións de calidade e dispón dunha ampla carteira de clientes tanto nos eidos da obra civil como nos da obra pública, inclúe diversas accións orientadas a ampliar a súa presenza no mercado nacional e internacional, especialmente en países de alto crecemento.

Mediante o préstamo avalado parcialmente pola Consellería de Economía e Industria a través do Igape, a empresa Construcciones Mon poderá proceder á cobertura das necesidades operativas do grupo e ao financiamento do circulante que precisa para operar con normalidade.

Esta operación de garantías públicas permitirá que Construcciones Mon, S.L. poida manter 91 traballadores en Galicia, na empresa domiciliada no municipio de Burela, así como contribuír á consolidación dun importante volume de emprego indirecto, por tratarse dunha empresa con gran relevancia na actividade económica da comarca luguesa.

Xunto cos programas re-brote e re-solve+, a liña de avais do Igape constitúe un instrumento fundamental para que as empresas galegas con desequilibrios financeiros ou tensións de tesouraría poidan obter o financiamento que precisan para cubrir as súas necesidades de circulante ou para o refinanciamento a longo prazo dos seus pasivos a curto.

---

## ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINA 12 MILLÓNS DE EUROS A FINANCIAR AS LIÑAS DE AXUDAS PARA A INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL

- *O orzamento do eixo de internacionalización do Igape rolda en 2011 os 20 millóns de euros, un 10,57% máis que en 2010*
- *O obxectivo das bases de apoio á internacionalización é facilitar a proxección exterior de empresas que aínda non exportan e procurar que as empresas que xa o fan incrementen a súa penetración nos mercados exteriores*
- *Os fondos destinados á internacionalización das empresas galegas medraron nun 252% nos dous últimos anos con respecto ao bienio anterior*

A Consellería de Economía e Industria destinará a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) un orzamento que suma 12 millóns de euros ao financiamento das bases de axudas para iniciativas e proxectos de internacionalización das empresas galegas, segundo o acordo aprobado polo Consello da Xunta, que autoriza o correspondente gasto.

Durante os dous últimos anos, a Consellería de Economía destinou, a través do Igape, 29,46 millóns de euros a impulsar a internacionalización das empresas galegas, o que supón un incremento orzamentario do 252% sobre o bienio 2007/2008, no que a Xunta destinou 11,3 millóns a ese obxectivo estratéxico. O orzamento global do eixo de internacionalización do Igape para 2011, de case 20 millóns de euros, sobe nun 10,57% sobre o do ano pasado.

O obxectivo das bases que autorizou o Consello da Xunta é facilitar a internacionalización da empresa galega non exportadora ou con escasa internacionalización e apoiar empresas internacionalizadas para que non só non perdan a súa presenza nos mercados exteriores senón que a incrementen, poñendo ao seu alcance liñas de axudas financeiras que apoiem a súa presenza exterior, ampliando o número de países receptores das exportacións galegas e a diversificación dos sectores exportadores.

Mediante as liñas para a internacionalización das empresas galegas o Igape apoiará a realización de seminarios de internacionalización; accións de planificación exterior; a participación en eventos expositivos e promocionais internacionais celebrados fóra de Galicia; as misións comerciais directas; as misións comerciais inversas; as misións tecnolóxicas directas e inversas; accións de marketing, comunicación, imaxe e marca; accións de prospección internacional; e iniciativas destinadas á primeira implantación promocional conxunta no exterior (Plan Primex).

---

A aposta da Xunta de Galicia pola internacionalización das empresas galegas ten unha das súas principais manifestacións no eixo estratéxico que o Igape destina a favorecer a proxección exterior do tecido produtivo, rexistrando un incremento do 10,57% nun ano de orzamentos especialmente restritivos. A promoción da internacionalización baséase nun modelo facilitador de información, servizos directos nos principais mercados internacionais e financiamento ás empresas para a súa entrada neles, aposta que se complementa coa formación e especialización de recursos humanos.

A internacionalización achega ás empresas a posibilidade de aumentar o seu tamaño e acadar maiores economías de escala, así como acceder a recursos inaccesibles ou custosos no seu mercado de orixe, conseguindo economías de localización, mellorar a notoriedade e diferenciación dos seus produtos e marcas. A proxección exterior tamén supón entrar en contacto con consumidores máis exixentes e competidores máis eficientes que estimulan a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico das empresas galegas e, en definitiva, sérvenlle para mellorar a súa eficiencia económica e capacidade competitiva.

---

## NOVACAIXAGALICIA ESTÁ A SEGUIR A FOLLA DE RUTA CONFORME ÁS DIRECTRICES APROBADAS POLO BANCO DE ESPAÑA

- *As necesidades de recapitalización prodúcese por un bandazo do goberno*
- *O Executivo cambia as regras de xogo nunhas semanas*

Novacaixagalicia está cumprindo de maneira satisfactoria as condicións que lle impuxo o pasado mes de novembro o Banco de España e está a seguir a follla de ruta tal e como foi aprobado polo órgano regulador.

Así se recolle nun informe presentado hoxe al Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, no que se comproba que a caixa galega realizou en menos de dous meses todas as actuacións previstas, polo que o Executivo autonómico rexeita que agora sexa penalizada.

Entres estas, están as sobredotacións par cubrir a perda esperada para os vindeiros anos, así como un axuste de plantilla que afecta a preto do 30% dos traballadores de servizos centrais e a unha parte da rede comercial, con 650 traballadores inscritos ao plan de prexubilacións pactado previamente cos sindicatos.

Ademais, está implantando unha redución de oficinas, un importante avance no proceso de integración informática que deberá culminar nos vindeiros meses, o deseño dunha nova imaxe corporativa e de marca, a posta en funcionamento dos órganos de goberno e o deseño e posta en marcha dun novo organigrama organizativo.

Novacaixagalicia cumpriría as novas esixencias de solvencia formuladas polo Executivo central se o Banco de España non lle obrigase hai unhas semanas adiantar provisiones, nunha política de prudencia e transparencia mediante unhas maiores sobredotacións que non acometeu a banca.

### **Bandazo**

O informe do Goberno galego expón que as necesidades de recapitalización da caixa galega non se deben a unha mala actuación, senón que son produto dun bandazo do Executivo central.

No texto sinálase que o Goberno central pretende cambiar as regras de xogo no prazo dunhas semanas para intentar eliminar a forma xurídica das caixas de aforros, mediante a modificación das prioridades e dos parámetros, co que se sitúan nunha situación de desvantaxe respecto ás entidades bancarias, que poden presentar

---

mellores ratios de core capital por non ter sido obrigados a sobredotarse de provisións.

O informe expón que esta medida supón un cambio total de filosofía respecto do expresado unhas semanas asntes, no que a solvencia acadábase ao través do saneamento, mediante a provisión que se cargaban contra reservas, debilitando o core capital das caixas.



---

## GALICIA CONTA CO MODELO MÁIS AVANZADO DA VACINA FRONTE AO PNEUMOCOCO

- *O programa piloto de vacinación permitirá paliar a inequidade existente ata o de agora no seu acceso*
- *A vacina está xa dispoñible nos máis de 600 puntos de vacinación infantil dos centros sanitarios públicos*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, deu conta hoxe no Consello da Xunta dun informe sobre o programa piloto de vacinación fronte ao pneumococo polo que, dende o pasado luns, Galicia incorporou a vacina fronte ao pneumococo ao seu calendario de vacinación infantil, converténdose así na primeira comunidade autónoma que conte co seu modelo máis avanzado.

Así, ofértase a vacinación aos nenos recén nados, a todos os nados dende o pasado mes de novembro de 2010 e a todos os rapaces ata os 5 anos de idade pertencentes aos grupos de risco (nenos con asplenia anatómica ou funcional, inmunocomprometidos ou con patoloxías cardíacas ou pulmonares crónicas, entre outras).

### **Máis de 600 puntos de vacinación**

A vacina está dispoñible en todos os puntos de vacinación infantil dos centros sanitarios públicos da Comunidade, que son máis de 600, e serán os pediatras os que faciliten toda a información aos cidadáns.

A medida permitirá evitar nos nenos galegos gran parte dos casos graves producidos polo *Streptococo pneumoniae* do tipo de enfermidade invasora -septicemia, meningites, pneumonías e infeccións osteoarticulares-, pneumonía non bacteriémica e derramos pleurais; e evitará outras patoloxías moi frecuentes nos nenos como as otites e as sinusites. Ademais, esta medida provoca un efecto de inmunidade de grupo, o que comporta unha diminución do número de casos graves entre adultos e, sobre todo, nas persoas de idade máis avanzada.

### **Mellora vacinación en Galicia**

Sanidade incorporou, no campo das vacinas, constantes melloras e innovacións no transcorrer dos últimos anos. Coa posta en marcha deste programa piloto, a Xunta cumpre coas recomendacións dos expertos e das organizacións nacionais e internacionais, e os seus resultados achegarán datos moi valiosos para Galicia e outras comunidades autónomas cara á decisión final sobre se incluíla no calendario de vacinación infantil de maneira definitiva.

---

Neste sentido, as vacinas fronte ao pneumococo existentes ata este momento puxeron en evidencia a necesidade de dispor doutras máis inmunóxicas para a prevención de enfermidades, especialmente as invasivas en nenos e pacientes de alto risco. Como resposta a esta situación apareceron no mercado mundial novas vacinas con máis amplo espectro.

## SANIDADE ESTENDE A TODA GALICIA UN PLAN DE INSPECCIÓN PARA A DETECCIÓN DE TERCEIROS OBRIGADOS AO PAGAMENTO EN ASISTENCIA SANITARIA

- *O plan comezou a funcionar de xeito piloto na área de Vigo en febreiro de 2010 e no mes de maio púxose en marcha na área de Pontevedra*
- *Debido á efectividade deste plan é polo que o departamento que dirixe Pilar Farjas o estenderá a toda a comunidade autónoma*
- *O importe total detectado e cuantificado na provincia de Pontevedra grazas á aplicación do plan ascendeu, en 31 de decembro de 2010, -é dicir en 10 meses da súa aplicación-, a 1.945.988 euros, cantidade que poderá ser destinada á mellora dos servizos sanitarios públicos de Galicia*
- *A detección e cuantificación retrospectiva dos episodios de toda a comunidade autónoma, nos últimos cinco anos, estímase que podería supoñer, aproximadamente, unha facturación a terceiros non inferior aos 5 millóns de euros*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe abordou un informe da Consellería de Sanidade no que se detallan os resultados dun Programa especial de inspección para a detección de terceiros obrigados ao pagamento en asistencia sanitaria.

Os servizos de inspección sanitaria da Consellería de Sanidade coñecen a existencia de casos en que a incapacidade temporal, expedida inicialmente como derivada de continxencia común, torna en ser considerada como de continxencia profesional, tras o respectivo procedemento de determinación de continxencia resolto polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

En consecuencia, o departamento que dirixe Pilar Farjas iniciou un Plan de Inspección Sanitaria de detección de terceiros obrigados ao pagamento que se levou a cabo no Servizo de Inspección Sanitaria da provincia de Pontevedra. O seu obxectivo é que o importe económico da asistencia sanitaria prestada inicialmente nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde repercuta, como legalmente corresponde, a un terceiro obrigado ao pagamento.

O procedemento iniciouse na área de Vigo, no mes de febreiro de 2010, e, posteriormente, incorporouse a este a área de Pontevedra. Neste senso, cómpre subliñar que, grazas á súa efectividade, o departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía o estenderá ao resto de servizos de inspección provinciais ao longo de 2011.

Na área de Vigo, en 8 meses (marzo a outubro), cuantificáronse 418 episodios que se trasladaron ás respectivas xerencias para a súa facturación, por un importe total para ingresar de 1.181.881 euros.

---

No que se refire á área de Pontevedra, en cinco meses de realización do plan, que comezou a aplicarse a partir do mes de xuño, cuantificáronse 166 episodios, que foron trasladados ás respectivas xerencias para a súa facturación, e que totalizaban a cifra de 466.918 euros.

En consecuencia, en 8 meses de desenvolvemento do Plan Especial no Servizo de Inspección Sanitaria da provincia de Pontevedra, o importe total detectado e cuantificado ascendeu a 1.648.800 euros. Esta cantidade xa aumentou en 31 de decembro de 2010 (é dicir en 10 meses de aplicación do plan) a 1.945.988 euros, dos que xa se facturaron, ata a actualidade, un total de 1.833.096 euros, e constan recuperados xa en Facenda 1.336.259 euros, cantidade que poderá ser destinada á mellora dos servizos sanitarios públicos de Galicia.

No que atinxe á importancia económica da facturación total que pode supoñer o desenvolvemento completo deste plan especial, cómpre subliñar que a cuantificación sinalada con anterioridade refírese unicamente á provincia de Pontevedra.

Así, a detección e cuantificación retrospectiva dos episodios de toda Galicia, nos últimos cinco anos, estímase que podería supoñer, aproximadamente, unha facturación a terceiros non inferior aos cinco millóns de euros.

---

## SANIDADE MELLORA A ATENCIÓN SANITARIA PÚBLICA COA IMPLANTACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

- *A páxina web do Servizo Galego de Saúde rexistrou máis de 6 millóns de accesos durante 2010*
- *Actualmente, o 100% dos profesionais facultativos teñen acceso á historia clínica electrónica*
- *O IANUS está implantado en todos os hospitais da rede do Sergas e no 92% dos centros de saúde*
- *A cidadanía galega ten dispoñibles para a súa realización a través da internet un total de 15 servizos públicos sanitarios en liña, fronte aos 3 que había en 2006*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe o Consello da Xunta da execución dos proxectos de tecnoloxías da información durante 2010 na sanidade pública galega. No informe destácase que a páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) contou durante o 2010 cun total de 6.205.482 accesos, e outros 3.087.140 á intranet.

Con respecto do desenvolvemento do IANUS, a plataforma de integración de sistemas e rexistro de información clínica desenvolvida polo Sergas, destaca que durante 2010 se realizaron máis de 1,2 millóns de accesos de profesionais sanitarios dende Atención Primaria e preto de 940.000 accesos dende Atención Especializada.

Actualmente, o 100% dos profesionais facultativos teñen acceso á historia clínica electrónica. Tamén acceden todos os hospitais da rede do Sergas -aos cales hai que sumar dous hospitais concertados- e tamén 443 centros de saúde (o 92% dos centros).

O 2010 rematou con 443 centros de AP con receita electrónica, o 92% do total, que teñen adscritos ao 98% da poboación. A porcentaxe de receitas dispensadas electronicamente no último mes (decembro de 2010) foi de arredor do 70%, unha cifra que destaca especialmente se a comparamos con finais do 2009 cando era do 15%.

### **Máis de 15 servizos a través da páxina web para a cidadanía**

Actualmente, en Galicia están dispoñibles para a súa realización a través da internet un total de 15 servizos públicos sanitarios en liña para o cidadán (en 2006 só había 3) sobre diversos trámites, relacionados coa tarxeta sanitaria, a solicitude de cita previa, o acceso á historia clínica, a subscripción a noticias e recordatorios de citas, o servizo de suxestións, queixas e reclamacións, e foros de participación cidadá, entre outros.

---

O 7,4% das citas previas para os centros de saúde son tramitadas a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde. Unha cifra que aumenta cada ano e que destaca con respecto a finais de 2006, cando era do 2,4%.

Cada día son máis os cidadáns galegos que empregan estes servizos, así, entre outros aspectos destaca que o 96,9% dos centros de Atención Primaria (aos cales están adscritos o 99,9% do total de cidadáns) dispoñen do servizo de citación pola internet. Ademais, o 76% dos centros de Primaria poden citar telematicamente para Atención Especializada.

Do informe, despréndese que ata 2010 se solicitaron unhas 5.925 tarxetas sanitarias pola internet e se tramitaron uns 2.866 cambios de médico, do Servizo Galego de Saúde, así como outras 587 tarxetas de doadores.

Tamén destacan os 13.904 accesos a través da páxina web e recibíronse 1.376 peticións de subscripción no servizo de alertas SMS como recordatorio de citas médicas.

Así mesmo, tramitáronse electronicamente un total de 6.945 reclamacións e suxestións dos/as usuarios/as do Sistema Sanitario Galego, e recibíronse 862 documentos de instrucións previas inscritos no Rexistro Galego de Instrucións Previas.

### **Melloras para profesionais e provedores**

A conselleira observou que a evolución tecnolóxica supón tamén un aumento da eficiencia nas áreas de recursos humanos e de recursos económicos, ao permitir unha solución centralizada e unha mellora funcional coa posta en marcha dun sistema para a xestión do modelo de compras, o loxístico e o de control do gasto nos centros de xestión do sistema sanitario público de Galicia.

As tecnoloxías están a favorecer maior rapidez e maior capacidade de resolución no diagnóstico do paciente e a diminución de actos médicos e desprazamentos. Tamén axudan na consecución dun incremento do coñecemento dos profesionais, dunha redución da probabilidade de erro en actividades como a prescrición médica, dunha mellora das relacións entre os axentes que interveñen no sistema e dunha mellora da utilización dos medicamentos.

Entre outros datos, o balance do pasado ano 2010 destaca que o número de solicitudes que se tramitaron a través da Oficina Virtual do Profesional (FIDES) foi de 71.632; e realizáronse 1.366.000 accesos ao sistema; enviáronse 3.597 SMS sobre a xestión de listas temporais de contratación; impartíronse 142 cursos e inscribíronse

---

40.343 profesionais na formación e-learning; o portal Bibliosaúde (biblioteca virtual para os profesionais) rexistrou 261.256 accesos; e publicáronse un total de 77 alertas farmacéuticas.

Ademais, hai aplicacións específicas para os rexistros de centros e establecementos sanitarios, de enfermos renais, de tumores; un Sistema de Información de Tuberculose; xestión da actividade inspectora de saúde pública; xestión de rastrexabilidade de matadoiros; e un servizo de alarmas nos ordenadores dos centros de saúde e nos PAC.

Os provedores tamén poden realizar diferentes tramitacións a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)). Así, 31 de decembro de 2010 había un total de 467 provedores rexistrados na Oficina Virtual do Proveedor; a porcentaxe de pedidos de subministracións enviados a provedor por medios electrónicos foi dun 20,7%; enviáronse 352.736 alertas sobre expedientes de contratación; e o 51% das empresas teñen acceso á xestión integral da información do Sistema Acreditador da Formación Continuada das profesións sanitarias de Galicia (SAG).



---

## O PLAN DE FORMACIÓN 2011 DO SERGAS AXILIZA O SISTEMA DE DETECCIÓN DE NECESIDADES FORMATIVAS E FAVORECE OS NOVOS ÁMBITOS DE APRENDIZAXE E METODOLOXÍAS DOCENTES

- *O seu obxectivo é actualizar e mellorar coñecementos, habilidades e actitudes ante a evolución científica e tecnolóxica e as demandas e necesidades, tanto sociais como do propio sistema sanitario*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe os membros do Consello da Xunta da elaboración do Plan de Formación 2011 do Servizo Galego de Saúde, no que se axiliza e simplifica o sistema de detección e análise de necesidades formativas; se favorecen os novos ámbitos de aprendizaxe e se potencian as novas metodoloxías docentes, aproveitando as TIC; se fai un adecuado recoñecemento das actividades docentes de formación continuada acreditada; e se desenvolven estratexias de formación de formadores.

A formación continuada é o proceso de ensino e aprendizaxe activa e permanente dos profesionais. O seu obxectivo é actualizar e mellorar coñecementos, habilidades e actitudes ante a evolución científica e tecnolóxica e as demandas e necesidades, tanto sociais como do propio sistema sanitario.

Neste sentido, o actual Plan de Formación Continuada contén accións orientadas a manter e mellorar a competencia profesional e susténtase en tres elementos fundamentais: a detección das necesidades de todos os colectivos da organización sanitaria; a planificación -que garante a capacidade de resposta ante necesidades cambiantes- e a participación dos profesionais a través dos seus respectivos centros e unidades administrativas na programación, desenvolvemento e seguimento das actividades.

Calquera actividade dirixida a mellorar os coñecementos, habilidades e actitudes dos profesionais e aumentar a súa motivación vai ser un instrumento para aumentar a calidade dos servizos que prestan e aumentar a satisfacción dos usuarios. Así, cara ao profesional, a formación continuada supón un instrumento para o desenvolvemento profesional, unha protección fronte á desmotivación e unha fonte de satisfacción; mentres que cara ao paciente se acada unha mellora na competencia profesional e, polo tanto, un produto máis axeitado ás novas necesidades, prestando una mellor asistencia.

### **Áreas temáticas de formación**

O Plan de Formación 2011 desenvólvese dentro do ámbito da formación continuada e xorde dun sistema aberto e multidisciplinario en que se conta coa participación activa

---

tanto dos profesionais como dos responsables de formación da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Para facilitar a identificación de actividades de interese por parte dos profesionais e evitar ao mesmo tempo as duplicidades na oferta formativa, esta organízase por áreas temáticas, estruturándose en bloques de coñecemento.

O primeiro deles, a Área de Asistencia Sanitaria, abarca a formación orientada aos coñecementos, habilidades e actitudes relacionados cos procesos operativos de diagnóstico, tratamento, rehabilitación e de apoio para a recuperación da saúde. Inclúe formación dirixida tanto a profesionais sanitarios como non sanitarios, pero directamente vinculada á atención sanitaria dos usuarios.

A Área de Prevención e Promoción da Saúde inclúe a formación relacionada coa protección da saúde; mentres que a Área de Comunicación e Atención ao Usuario abrangue a formación relacionada cos sistemas, mecanismos e habilidades necesarios na comunicación interna e externa da organización sanitaria.

Pola súa banda, a Área de Administración, Xestión e Dirección das Organizacións integra as actividades formativas orientadas á xestión da organización, incluíndo a formación relacionada co desenvolvemento de habilidades directivas e de coñecementos propios do ámbito da xestión de tipo transversal (xestión clínica, xestión da calidade, xestión por procesos, xestión económico-financeira, procedemento administrativo, lexislación, normativa, etc.).

Por último, a Área de Xestión do Coñecemento da Organización abarca a formación dirixida aos procesos de xeración e transferencia do coñecemento no ámbito da saúde; e a Área de Tecnoloxías engloba todas as actividades formativas relacionadas co manexo tanto das tecnoloxías da información e comunicación como das tecnoloxías sanitarias.

### **Acreditación da calidade**

As actividades de formación execútanse a través de dous plans docentes diferenciados: o Plan de Formación continuada do Persoal de Institucións Sanitarias do Servizo Galego de Saúde (Plan AFCAP) -no que se inclúen as actividades docentes que forman parte do Plan de Formación Continuada do Persoal da Xunta- e o Plan Estratéxico de Formación dos Traballadores ao Servizo da Sanidade Pública Galega (PEF), enmarcado no convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria.

---

O Plan de Formación está considerado de interese sanitario referendado pola Orde do 6 maio de 1998, pola que se adquire garantía de calidade da formación. As actividades de formación continua para o persoal incluído na Lei de ordenación de profesións sanitarias están acreditadas en Galicia polo sistema acreditador da formación continuada das profesións sanitarias da Comunidade Autónoma.

Neste sentido, os cursos dirixidos ao persoal non incluído nesta norma non poderán ser acreditados polo sistema acreditador, polo que para estes esténdese un certificado de asistencia ou aproveitamento onde se indica o número de horas, o contido, a data e o lugar de realización da actividade.

### **Participación nas actividades**

Poderán participar nas accións formativas do Plan AFCAP todos os profesionais que presten ou prestasen servizos nas institucións do Sergas, os aspirantes a vinculacións temporais no ámbito das institucións do Sergas -ao abeiro do Pacto de selección temporal vixente en cada momento- e o persoal pertencente ás fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas adscritas á Consellería de Sanidade integrado no réxime estatutario.

No resto de actividades poderán participar os mesmos destinatarios, ademais doutro persoal cando así veña especificado no anexo de cada acción formativa. As persoas interesadas en participar nas actividades formativas deberán cumprir os requisitos exixidos para cada curso.

A documentación xerada nas distintas actividades de formación estará dispoñible para os alumnos na Biblioteca Virtual da Fegas, o que permitirá recuperala en calquera momento e desde calquera lugar.

---

## A FUNGA IMPLEMENTARÁ ESTE ANO UN PLAN DE ACCIÓN PARA OPTIMIZAR OS SEUS RECURSOS E MELLORAR A ATENCIÓN DAS PERSOAS SEN RECURSOS

- *A Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia presentou hoxe un informe ao Consello da Xunta no que se detallan as accións que desenvolverán ao longo deste ano*
- *O número de persoas tuteladas incrementouse considerablemente na última década, pasando de 68 en 1997 a 1.614 na actualidade*
- *O organismo implantará a tecnoloxía dixital na tramitación dos expedientes para conseguir un funcionamento máis áxil e eficaz*

A cifra de tutelas que está a levar a cabo a Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (FUNGA) incrementouse progresivamente e de forma considerable nos últimos anos, pasando de contar con 68 persoas tuteladas en 1997 a 1.614 na actualidade. Así, despréndese do informe que a FUNGA presentou hoxe ao Consello da Xunta, un documento que detalla o plan de actuación que desenvolverá este organismo ao longo deste ano para mellorar o servizo que presta ás persoas sen recursos.

De feito, a FUNGA prevé unha implementación no plan de acción en canto ao desenvolvemento dos seus fins tutelares, tendo en conta o incremento do número dos seus tutelados na última década, xa que, ademais, a previsión para os vindeiros anos é que esta progresión continúe, debido fundamentalmente ao envellecemento da poboación galega e ao aumento do número de persoas diagnosticadas de trastornos mentais, así como ao desarraigo familiar existente na sociedade en relación con estes sectores de poboación.

Para a eficiente realización do Plan de Acción 2011, a Funga optimizará os seus recursos a través da modificación dos seus estatutos. Este cambio suporá o cambio de denominación da fundación que pasará a denominarse Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA).

O obxectivo do plan en xeral é prestar un servizo máis adaptado ás necesidades e exixencias que a FUNGA recibe no cumprimento dos seus fins. Para acadar este obxectivo, a Fundación está a traballar en tres liñas de acción principais: na mellora da atención ás persoas tuteladas a través da consecución dun funcionamento máis áxil e eficaz da FUNGA; na busca de actuacións que permitan acadar unha maior protección integral dos pupilos mellorando a súa atención social e aumentando a súa cobertura xurídica e patrimonial e por último na difusión do labor do organismo.

---

En primeiro lugar, para acadar un funcionamento máis eficiente e áxil da FUNGA estanse a especializar as súas funcións nas referidas á determinación da capacidade e ao exercicio dos cargos protectores.

Así mesmo, implantarase, entre outras actuacións, o arquivo dixital, a certificación de calidade e renovarase a web. Ademais, entre as accións previstas para este ano 2011, inclúense visitas a fundacións similares doutras comunidades e a asistencia a congresos relacionados co ámbito da FUNGA.

Por outra banda, a FUNGA pretende revisar as prestacións de que son beneficiarios os seus pupilos co fin de acadarlles as máis beneficiosas tanto desde o punto de vista económico como asistencial, así como para solicitarlles a valoración de dependencia.

Ademais, para mellorar a atención ás persoas tuteladas estase a elaborar un calendario de visitas para incrementalas e estase a traballar para lograr un aumento na cobertura xurídica que se lles presta para a súa protección integral.

A terceira das liñas de acción céntrase en divulgar o labor que realiza a FUNGA. Na actualidade, ademais, a fundación está a participar en charlas e conferencias organizadas por diferentes entidades achegando aos asistentes información referida tanto á actividade principal do organismo, os procedementos de determinación da capacidade e o exercicio dos cargos protectores.

En definitiva, o que a Consellería de Traballo e Benestar pretende co desenvolvemento do Plan de Acción da Funga para o ano 2011 é prestar un servizo máis individualizado e persoal aos seus tutelados cun incremento de colaboración co resto de intervenientes en cada un dos procesos de determinación da capacidade, tales como xulgados, Fiscalía ou centros sociosanitarios.